

PROXECTO DE Decreto .../2011, do....., polo que se regula a cobertura de diversas prazas en réxime de comisión de servizos por persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación.

O decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, regula nos seus artigos 29 e 30 a provisión de postos de traballo. Así mesmo, o artigo 14.2.12 prescribe que lle corresponde á conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública autorizar as adscricións en comisións de servizo para postos de traballo e o artigo 52.2 determina que o persoal funcionario estará en situación de servizo activo cando estea en comisión de servizos de carácter temporal conferida pola consellería competente en materia de función pública.

O artigo 1.2 do Decreto-legislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece que se poderán ditar normas especiais para adaptar esta lei ás peculiaridades do persoal docente, e no uso desta habilitación procédese a regular as comisións de servizo para o persoal docente que imparte as ensinanzas na lei orgánica de educación e para o persoal pertencente ao corpo de inspectores de educación e do corpo de inspectores ao servizo da administración educativa.

O decreto prevé, con carácter xeral, que a conselleira ou conselleiro competente en materia educativa poderá conceder comisión de servizos de carácter voluntario con ocasión da existencia de praza docente vacante ou que eventualmente non sexa desempeñada polo seu titular. Ademais, regúlanse as comisións de servizos que poderán concederse, previa a correspondente convocatoria pública, como son as referidas a prazas para a atención do alumnado de necesidades educativas especiais en centros ordinarios, de persoal asesor técnico docente adscrito á consellería competente en materia de educación ou ó desenvolvemento de programas educativos ou de convenios.

Tamén se regulan comisión de servizos ás que terán dereito o persoal docente se se cumpren as condicións que establece o presente decreto e existe vacante que lle corresponda no procedemento de adxudicación de destinos, como son as comisións de servizo por razón de saúde, por razón de conciliación da vida familiar e laboral e para o desempeño de cargos electos nas corporacións locais, e as comisións de servizo por petición recíproca.

En desenvolvemento da disposición adicional décimo segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, apartados 6 e 7 recóllese a posibilidade de desempeñar, en réxime de comisión de servizos, postos de carácter non definitivo na docencia universitaria e, finalmente, regúlanse as comisións de servizo para o desempeño da dirección dos centros docentes públicos, de funcións nos equipos de orientación específica e na inspección educativa.

Asemade, procede adaptar o decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a el a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no sentido de computar en determinados supostos a antigüidade xerada no centro de procedencia a todos os efectos e non unicamente aos efectos da participación no concurso de traslados.

En virtude do anteriormente exposto, por proposta do conselleiro de educación e ordenación universitaria,ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día.....

DISPOÑO

Artigo 1º.- Obxecto

1.- O presente decreto ten por obxecto regular as situacións e procedementos para a concesión de comisións de servizos ao persoal funcionario docente dos corpos e escalas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ó persoal funcionario do corpo de inspectores de educación e do corpo de inspectores ó servizo da administración educativa e ao persoal laboral docente, para desempeñar funcións docentes en prazas ou centros distintos aos que estiveran destinados definitiva ou provisionalmente.

2.- As prazas e funcións docentes pertencerán ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O presente decreto resultará de aplicación ao persoal docente pertencente aos seguintes corpos e escalas:

- a) Mestres
- b) Catedráticos e profesores de ensino secundario
- c) Profesores técnicos de formación profesional
- d) Catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas
- e) Catedráticos e profesores de música e artes escénicas
- f) Catedráticos e mestres de taller de artes plásticas e deseño
- g) Corpos e escalas declarados a extinguir por normas anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.
- h) Inspectores de educación e inspectores ao servizo da administración educativa
- i) Profesorado de relixión

Artigo 3º.- Comisi3ns de servizo de car3cter especial.

1.- Cando unha praza docente quede vacante ou eventualmente non sexa desempe3ada polo seu titular, poder3 ser cuberta, con car3cter excepcional, en caso de urxencia e inaprazable necesidade, en comisi3n de servizos de car3cter voluntario, con persoal docente que re3una os requisitos para o seu desempe3o.

2.- Sen prexuízo das pr3rrogas que resulten procedentes, a duraci3n destas comisi3ns de servizo non poder3 exceder do remate do curso acad3mico no que se conceden.

3.- A praza docente cuberta en comisi3n de servizo incluírase, sempre que sexa vacante e a continuidade do seu funcionamento estea prevista na planificaci3n educativa, na seguinte convocatoria de concurso xeral ou espec3fico de traslados, segundo proceda.

Artigo 4.- Comisi3ns de servizo por raz3n de sa3de.

1.- Considerase que a comisi3n de servizos 3 por motivos de sa3de cando:

a) Te3a por finalidade adscribir a persoal funcionario afectado por situaci3ns que impliquen unha notoria mingua das facultades f3sicas, ps3quicas ou sensoriais, sempre que tal diminuci3n das s3as capacidades non sexa susceptible da declaraci3n de incapacidade permanente.

b) Existan raz3ns de enfermidade grave do seu c3nxuxe, parella de feito ou dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade que impliquen, con car3cter xeral, un grao de discapacidade reco3ecido de, polo menos, o 65 por 100, que conviva ou dependa exclusivamente del.

2.- Outros requisitos

a) Ter, se 3 o caso, destino definitivo a unha distancia superior a cincuenta km da localidade que se solicita. Excepcionalmente, poder3 ter destino nunha localidade a unha distancia inferior ou na mesma localidade cando as raz3ns por motivos de sa3de alegadas as3 o aconsellen de xeito indubidable e valoradas pola comisi3n de selecci3n.

b) Ter solicitado, de reunir os requisitos, ag3s casos excepcionais que ser3n valorados pola comisi3n de selecci3n, praza no 3ltimo concurso de traslados para a localidade ou localidades nas que se solicita a comisi3n de servizos e non ter renunciado ao mesmo. Non se esixir3 este requisito cando as circunstancias que motiven a comisi3n de servizo sexan sobrevidas ao remate do prazo de solicitude do concurso de traslados.

3.- Excepcionalmente, poderase autorizar a comisi3n de servizos por raz3ns de enfermidade grave dun familiar de segundo grao de consanguinidade ou afinidade cando, ademais de concorreren as circunstancias relacionadas nos par3grafos anteriores, non exista ning3n familiar de primeiro grao,.

4.- A comisión de servizos terá unha duración de dun curso académico e, con carácter xeral, non poderá concederse pola mesma circunstancia máis doutros tres cursos. A consellería de educación e ordenación universitaria poderá verificar previamente á concesión da prórroga da comisión de servizos que esta se utiliza para a finalidade pola que se demanda.

Artigo 5º. - Comisión de servizo por razón de conciliación da vida familiar e laboral.

1.- Poderán solicitar esta comisión de servizos o persoal docente que reúna os seguintes requisitos:

a) Ter u fillo menor de catro anos, dous fillos menores de seis ou tres fillos menores de nove anos. Poderá, así mesmo, efectuarse a solicitude cando exista embarazo a termo final no mes de febreiro do ano seguinte no que se presenta a instancia. No caso de adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, a idade computarase desde a resolución xudicial ou administrativa.

b) Ter, se é o caso, destino definitivo a unha distancia superior a sesenta km de todas as localidades ou centros que se solicitan.

c) Ter solicitado, de reunir os requisitos, agás casos excepcionais que serán valorados pola comisión de selección, praza no último concurso de traslados para a localidade ou localidades nas que se solicita a comisión de servizos sen ter renunciado ao mesmo.

2.- Cando os dous cónxuxes ou parella de feito sexan persoal funcionario docente, só un deles poderá solicitar a comisión de servizos.

3.- A idade dos fillos computarase ao 31 de agosto do ano no que se efectúa a solicitude.

4.- A vixencia da comisión de servizos será dun curso académico, sen prexuízo da prórroga, que poderá concederse, logo de solicitude do persoal interesado, no suposto de persistencia das circunstancias que motivaron a súa concesión.

Artigo 6.- Comisión de servizos para o desempeño de cargos electos nas corporacións locais.

1.- Os membros das corporacións locais que non teñan dedicación exclusiva terán dereito a prestar servizos no mesmo centro ou, en defecto de vacante, noutro centro da mesma localidade na que prestaran servizos no momento da elección concedéndose para estes efectos, cando fose necesario, a correspondente comisión de servizos.

2.- Sen prexuízo do anterior, os membros das corporacións locais poderán solicitar comisión de servizos en centros da localidade na que resultaron elixidos ou nas localidades próximas, que lles será concedida con ocasión de vacante.

3.- A duración da comisión de servizos será de un curso académico, sen prexuízo das prórrogas que podan concederse, logo de solicitude do persoal interesado, ata que remate o seu mandato como membro da corporación local.

Artigo 7.- Comisións de servizo para desempeñar postos na docencia universitaria.

1.- O persoal docente ao que se refire o presente decreto que acceda a un posto de carácter non definitivo na docencia universitaria poderá desempeñar o mesmo en réxime de comisión de servizos durante un prazo máximo de cinco anos.

2.- As retribucións serán as que correspondan ao posto realmente desempeñado e correrán a cargo da Universidade.

Artigo 8.- Comisión de servizo para a atención do alumnado de necesidades educativas especiais en centros ordinarios.

1.- Poderá concederse comisión de servizo para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros ordinarios ao persoal funcionario do corpo de mestres da especialidade de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe.

2.- A duración da comisión de servizos será por un curso académico prorrogable ata que o alumnado finalice a etapa educativa na que estea escolarizado, previo informe da inspección educativa ou do equipo de orientación educativa da provincia ou do departamento de orientación do propio centro.

Artigo 9.- Comisión de servizos para o exercicio da dirección dos centros docentes públicos.

1.- Ao persoal docente que, de acordo coa normativa vixente, sexa seleccionado e nomeado para desempeñar a dirección dun centro público docente no que non teña destino definitivo, concederáselle unha comisión de servizos pola duración do mandato da dirección e, se ó caso, das súas prórrogas.

2.- Ao persoal docente que exerza a dirección dun centro educativo e obteña un novo destino definitivo por concurso de traslados poderá concedérselle unha comisión de servizos polo tempo que reste para rematar o mandato da dirección e, se é o caso, das súas prórrogas.

3.- Cando o nomeamento con carácter extraordinario da dirección dun centro recaia en persoal docente funcionario de carreira que non teña destino definitivo no mesmo e nos casos de centros de nova creación, a dirección exercerase en réxime de comisión de servizos por un período de dous anos.

Artigo 10.- Comisión de servizo nos equipos de orientación específica.

1.- As vacantes ou necesidades de persoal nos equipos de orientación específica cubriránse en réxime de comisión de servizos, polo persoal pertencente aos corpos de catedráticos ou profesores de ensino secundario, da especialidade de "orientación educativa", e do corpo de mestres das especialidades de "pedagogía terapéutica" ou "audición e linguaxe", entre o profesorado que participou no último concurso de traslados específico que acadou a puntuación mínima esixida sen obter praza na especialidade correspondente, e pola orde da puntuación no mesmo.

2.- A duración da comisión de servizos será ata o remate do curso académico correspondente, prorrogable curso a curso ata a súa provisión definitiva mediante o sistema ordinario de provisión.

Artigo 11.- Comisión de servizos na función inspectora.

As vacantes no corpo de inspectores de educación poderán cubrirse, en réxime de comisión de servizos, polo persoal aspirante a acceder ao corpo de inspectores de educación que non superou o último procedemento selectivo, pola orde de puntuación obtida no mesmo.

Artigo 12.- Comisión de servizos como persoal Asesor técnico docente adscrito á consellería competente en materia de educación.

1.- No anexo de persoal docente da Consellería con competencias en materia de educación poderán figurar prazas de asesores técnicos docentes, que deberán ser cubertas en réxime de comisión de servizos, dun ano de duración prorrogables ata un máximo de seis, por concurso de méritos específico entre persoal docente que reúna os requisitos que se establezan na convocatoria.

2.- O persoal docente seleccionado percibirá as retribucións que lle correspondan como persoal funcionario do corpo ao que pertenza e o complemento específico establecido para os asesores técnicos docentes.

Artigo 13.- Comisións de servizos para programas educativos e prazas de convenios.

1.- Poderán convocarse prazas para o desenvolvemento de programas que teñan por finalidade a mellora de lectura, escritura e cálculo, o reforzo, orientación e apoio do alumnado con dificultades e problemas de aprendizaxe, redución do abandono escolar

e do absentismo, mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia e outros similares dirixidos á mellora do éxito escolar.

2.- Nos convenios que a Consellería con competencias en materia de educación estableza con outras administracións públicas, universidades, institucións, entidades ou empresas públicas ou privadas sen ánimo de lucro, para realizar actividades educativas ou desenvolver programas, poderá, se é o caso, determinarse o sistema de cobertura de prazas que poidan resultar necesarias para o cumprimento deles.

3.- As prazas cubriranse a través dun concurso específico de méritos, para a súa provisión en réxime de comisión de servizos, polo período de tempo que se estableza na correspondente convocatoria, que non poderá exceder de seis anos.

Artigo 14.- Comisións de servizo a petición recíproca.

1.- Poderán solicitar esta comisión de servizos dous ou máis funcionarios de carreira con destino definitivo ou provisional, en situación de servizo activo, e os funcionarios en prácticas, sempre que vaian a desempeñar a súa función docente no centro educativo durante o curso académico correspondente sempre que, de reunir os requisitos, participaran no concurso de traslados ou na adxudicación de destinos provisionais solicitando os centros nos que se pretende prestar servizos.

2.- A concesión da comisión de servizo implicará o intercambio de forma temporal, ata o remate do curso académico, dos destinos definitivos ou provisionais que lles correspondía desempeñar.

3.- A solicitude dirixirase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e efectuarase nos dez primeiros días de setembro de cada ano, ou, de ser o caso, no prazo dos cinco días seguintes ao da adxudicación de destino provisional para o curso académico correspondente.

4.- Unicamente se poderá conceder comisión de servizo a petición recíproca entre persoal funcionario do mesmo corpo e especialidade, ou que non sendo titulares estean adscritos á mesma especialidade. Para estes efectos, considerarase o mesmo corpo:

a) O corpo de inspectores de educación e o corpo de inspectores ao servizo da administración educativa.

b) o corpo de catedráticos de ensino secundario e o corpo de profesores de ensino secundario.

c) o corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.

d) o corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas e o corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.

5.- Non se poderá conceder comisión de servizo a petición recíproca máis de tres anos continuados a un mesmo funcionario ou funcionaria, agás informe favorable da comisión de valoración a que se fai referencia no artigo 17.

6.- Non se poderá conceder comisión de servizo a petición recíproca máis de dous anos continuados aos mesmos solicitantes, agás informe favorable da comisión de valoración.

7.- O director xeral de centros e recursos humanos, con carácter xeral, resolverá favorablemente as solicitudes de comisión de servizo a petición recíproca que non excedan dos anos previstos neste decreto, e non causen graves prexuízos a terceiros interesados ou interesadas.

Artigo 15.- Réxime de desempeño das comisións de servizo.

Ao persoal funcionario de carreira con destino definitivo que se lle conceda una comisión de servizo terá reserva do posto do que sexa titular.

Artigo 16.-.- Convocatorias específicas de comisións de servizo.

1.- As comisións de servizo reguladas nos artigos 8, 12 e 13 do presente decreto serán obxecto de convocatoria específica na que a valoración dos méritos poderá constar de dúas fases. Na primeira valoraranse, polo menos, a antigüidade, o traballo desenvolvido e os cursos de formación e perfeccionamento superados e os impartidos. A segunda fase consistirá na comprobación e valoración dos méritos específicos adecuados ás características de cada posto. Con tal fin poderá establecerse a elaboración de memorias e/ou a celebración de entrevistas, que deberán especificarse necesariamente na convocatoria.

2.- Nesta segunda fase poderá establecerse a elaboración de memorias e/ou a celebración de entrevistas, que deberán especificarse necesariamente na convocatoria. Nestes supostos, na convocatoria figurará a descrición do posto de traballo, que deberá incluír as especificacións derivadas da natureza da función encomendada a el e a relación das principais tarefas e responsabilidades que o caracterizan. Así mesmo, deberá fixar os criterios específicos adecuados ás características dos postos mediante a delimitación dos coñecementos profesionais, estudos, experiencia necesaria, titulación, se é o caso, e demais condicións que garantan a adecuación para o desempeño do posto.

3.- As convocatorias establecerán a puntuación máxima e mínima da segunda fase.

4.- A memoria consistirá, se é o caso, nunha análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño a xuízo do persoal candidato, baseada na descrición contida na convocatoria.

5.-As entrevistas versarán sobre os méritos específicos adecuados ás características do posto, de acordo co previsto na convocatoria e, se é o caso, sobre a memoria.

6.- O persoal aspirante con algunha discapacidade poderá solicitar na instancia de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da entrevista.

Artigo 17.- Comisións avaliadoras

1.- Para as resolucións das comisións de servizos por motivos de saúde, de conciliación da vida familiar e laboral, atención do alumnado de escolarización preferente en centros ordinarios, asesores técnicos docentes, para programas o convenios, e a petición recíproca, constituíranse comisións de avaliación coa composición que se determine no desenvolvemento do presente decreto.

2.- As organizacións sindicais integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear un representante por sindicato para asistir ás reunións da comisión.

Artigo 18.- Persoal interino

O persoal interino poderá solicitar as comisións de servizo por motivos de saúde, de conciliación da vida familiar e laboral e por desempeño de cargos electos nas corporacións locais, podendo concedérselle sempre que lle corresponda ser nomeado para o curso académico correspondente conforme a normativa aplicable.

Artigo 19.- Adxudicación de destino.

1.- O persoal que se lles conceda unha comisión de servizos por razóns de saúde e para a conciliación da vida familiar e laboral deberán efectuar solicitude de adxudicación de destino, no prazo de cinco días naturais desde a súa concesión, conforme á regulación establecida para a adxudicación de destinos provisionais para o curso académico e corpo correspondente.

2.- Terán prioridade na adxudicación de destinos as comisións de servizo por motivos de saúde sobre as comisións de servizo por razón da conciliación da vida familiar e laboral.

3.- Nas comisión de servizo por motivos de conciliación da vida familiar e laboral, a prioridade virá determinada polo número de fillos menores de nove anos e, no caso do mesmo número de fillos, pola antigüidade como persoal funcionario de carreira no corpo, e antigüidade no centro e puntuación no concurso-oposición, sucesivamente.

4.- A non obtención de destino implicará a denegación da comisión de servizos por inexistencia de vacante.

Artigo 20.- Toma de posesión

A toma de posesión será, con carácter xeral, con efectos da data que dispoña a Consellería competente en materia de educación nas súas normas reguladoras do comezo de curso.

Artigo 21.- Revogación das comisións de servizo.

1.- As comisións de servizo poderán ser revogadas a petición do persoal interesado, sempre que a revogación non afecte substancialmente á prestación dos servizos.

2.- Asemade, a Consellería competente en materia de educación poderá proceder a revogación da comisión se as necesidades do servizo así o requiren.

Disposición adicional primeira.- Comisión de servizos para o desempeño de postos docentes nos Conservatorios superiores de música.

En tanto non se regula o acceso e ingreso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas as prazas correspondentes aos conservatorios superiores de música desempeñaranse, en réxime de comisión de servizos, por persoal funcionario pertencente ao corpo de profesores de música e artes escénicas previa a correspondente convocatoria pública.

Disposición adicional segunda.- Comisión de servizos como persoal asesor docente nas estruturas de formación permanente do profesorado.

O persoal asesor docente nas estruturas de formación permanente do profesorado será nomeado en réxime de comisión de servizos conforme se estableza na súa normativa específica.

Disposición adicional terceira.- Modificación do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a el.

a).- O artigo 6º do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 6º.- Cómputo da antigüidade nos supostos de desagregación, desdoblamento, fusión, transformación, supresión, ou calquera outra situación que supoña modificación do destino definitivo.

1. O persoal funcionario docente que teña destino definitivo nun centro como consecuencia de desagregación, desdoblamento, fusión, transformación, supresión ou calquera outra situación que supoña modificación do destino que

viña desempeñando, manterá, a efectos de antigüidade no novo centro, a xerada no seu centro de orixe.

2. O exercicio de dereitos de conciliación da vida familiar e laboral en ningún caso repercutirá negativamente no cómputo da antigüidade.”

b) O artigo 7º.1 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 7º.- Integración total ou parcial ou cambio de ensinanzas desde un centro a outro.

1.- Dentro do ámbito territorial que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine, nos casos nos que se produza unha integración total ou parcial ou un cambio de ensinanzas desde un centro a outro, o persoal funcionario docente das especialidades afectadas, de existir vacante ou no caso no que esa integración ou cambio orixine vacante no centro receptor de ensinanzas, quedarán adscritos definitivamente ao novo centro, mantendo para todos os efectos a antigüidade que posuían no centro de orixe. Na determinación do referido ámbito territorial a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria valorará as necesidades de conciliación da vida familiar e laboral do persoal funcionario docente afectado.”

Disposición transitoria

No caso de supresión da praza, o persoal asesor técnico con destino definitivo na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terá dereito preferente a outra praza na localidade ou zona educativa na que estaba ubicado o centro de procedencia ou na do posto que se suprime, a opción do persoal interesado.

Disposición derogatoria.

Queda derogado o decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarios públicos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios, a Orde do 17 de xuño de 2004 pola que se regulan as permutas provisionais, por petición dos interesados, dos funcionarios dos corpos docentes en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido no presente decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Autorízase a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar, dentro do ámbito das súas competencias, as normas precisas para a aplicación e o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.- Este decreto entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,